

USO DA VACINA ANTIPNEUMOCÓCICA TRECEVALENTE EN GRUPOS DE RISCO

Ven de actualizarse a [instrución](#) sobre o uso da vacina antipneumocócica conxugada trecevalente (Prevenar 13) en persoas que pertencen a un grupo de risco.

Despois da revisión da ficha técnica da vacina pola Axencia Europea do Medicamento e cos novos estudos de eficacia e inmunoxenicidade aportados polo laboratorio fabricante, a Dirección Xeral de Innovación e Saúde Pública e o Sergas decidiron asumir o financiamento da vacina conxugada trecevalente (Prevenar 13) en todas as idades nos grupos de risco que se citan a continuación:

Persoas non vacinadas previamente e con:

- Inmunodeficiencia/inmunodepresión: enfermidade de Hodgkin, leucemias, linfomas, mieloma múltiple, insuficiencia renal crónica (estadio 3 ou superior) ou síndrome nefrótica, transplantes de órganos sólidos ou de células hematopoéticas, tratamento quimioterápico ou inmunosupresor, infección polo VIH, inmunodeficiencias de células T ou B, déficits de complemento e trastornos da fagocitose.
- Asplenia anatómica e funcional e disfunción esplénica (drepanocitose e enfermidade celíaca asociada a disfunción esplénica).
- Fístulas de líquido cefalorraquídeo
- Implante coclear
- Antecedentes de enfermidade invasora confirmada (PCR ou cultivo) causada por *Streptococcus pneumoniae* independentemente do serotipo causante

- Enfermidade hepática crónica grave (inclúe cirrose)

Nos maiores de 5 anos de idade a pauta de vacinación será de UNHA DOSE ÚNICA, por vía intramuscular, excepto nas persoas con transplante de proxenitores hematopoéticos, que requirirán 3 doses de vacina independentemente da idade.

Nos menores de 5 anos, pódese consultar a pauta na web da DXIXSP [\[enlace\]](#), aínda que a maioría destes nenos menores de 5 anos están captados polo programa piloto coa vacina Prevenar 13 que se esta a desenvolver en Galicia dende o ano 2011.

As persoas destes grupos de risco que previamente non recibiran ningunha dose de vacina antipneumocócica, deben recibir unha de Prevenar 13 seguida, pasadas polo menos 8 semanas doutra da vacina antipneumocócica de polisacáridos (PnPS23).

Nas persoas que previamente foran vacinadas coa PnPS23, aplicarase o seguinte criterio:

- Nenos e mozos/as ata 18 anos: o intervalo mínimo para a administración de Prevenar 13 é de 8 semanas.
- Adultos: esperárase de 3-5 anos para a administrar Prevenar 13, coa excepción dos pacientes cun maior risco (tumores malignos hematolóxicos, asplenia e VIH), nos que o intervalo poderá ser de 1 ano.

As doses administradas rexistraranse como ven sendo habitual.

PRIMEIRA NOTIFICACIÓN DE INTOXICACIÓN POLA BIOTOXINA ASP EN GALICIA

Na semana pasada un hospital notificou dous casos cun cadro clínico compatible coa intoxicación pola biotoxina coñecida como ASP (siglas da súa denominación inglesa *Amnesic Shellfish Poisoning*). Esta é a primeira vez que en Galicia se notifican casos compatibles con esta intoxicación.

En concreto, estes casos tiñan unha síndrome confusional e perda de memoria de curta duración e antecedente de consumo de mexillóns. Descartáronse outras etioloxías.

Os mexillóns consumíronse en paella, feito que aumenta o risco de intoxicación xa que a ASP é hidrosoluble, e podería pasar ao arroz, como acontece noutras hidrosolubles (PSP).

Segundo declararon os casos os mexillóns mercáranos directamente a un produtor e, como non quixeron identificalo, non se coñece a zona de produción exacta, mais semella que viñan dunha zona da Ría de Arousa que, no momento no que se mercaron, tiña polígonos de produción pechados pola presenza de DSP (toxina diarreaica) e ASP, e outros polígonos limítrofes con niveis elevados de ASP.

Na actualidade (30-07-2014) os polígonos desta Ría non están pechados para ASP, pero a situación é de alerta por posibilidade de acumulación de toxinas.

A ASP produce, na maioría dos casos, un cadro de diarrea, normalmente dentro das 24-48h tras o consumo dos moluscos contaminados. Outros síntomas son: mareos, dor de cabeza, desorientación, e perda da memoria a curto prazo. En caso graves pode producir parálise e a morte.

Ante un cadro compatible, e se o paciente ten antecedente de consumo de moluscos, habería que ter en conta esta posibilidade diagnóstica. Igualmente, compre lembrar que a sospeita de intoxicación por unha biotoxina mariña con clínica específica (ASP ou PSP), é de declaración urxente ao SAEG (ver ao pé). malia que se trate de só un caso,

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), na súa páxina [web](#), informa sobre o estado das zonas de produción de moluscos. ([ver mapas ou informe de estado](#)).